



NOVO DECRETO DE FORMACIÓN

A Consellaría presenta un borrador de decreto de formación do profesorado sen ter en conta a nosa lingua, cultura e realidade social

Xa non sorprende, pero segue a ser indignante o desleixo que o goberno da Xunta de Galiza amosa con todo o que teña que ver coa nosa lingua, coa nosa cultura e coa realidade na que, como docentes, traballamos.

Como pode ser que, nun decreto de formación do profesorado, a nosa lingua e cultura queden excluídas dos principios fundamentais da formación do profesorado galego, cando si aparecerían citadas no decreto de 2011? **A Consellaría afirma que estudará a nosa demanda.**

Chama a atención que no preámbulo se cite **a recomendación do Consello da Unión Europea** de 2018 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente (o que nos parece correcto) cando esta mesma Consellaría despreza os informes do mesmo Consello referidos aos reiterados incumprimentos no papel que xoga o noso idioma no sistema educativo.

Parécenos positivo que se atenda a nosa reclamación de que a Consellaría incorpore ao profesorado das Deputacións e doutras Consellarías, como levamos máis dun ano reclamando.

Denunciamos que a Consellaría pretenda limitar a formación ao persoal que reúna os requisitos

legalmente establecidos para exercer a profesión docente (**artigo 2.2**). Coa redacción proposta, **as persoas desempregadas cunha titulación de Grao diferente ao de Primaria non poderán realizar formación**, cando a día de hoxe si poden. A Consellaría non lle chega con non solucionar o problema do acceso aos Mestrados de profesorado senón que agora impón unha nova barreira ás futuras docentes.

Propomos que se incorpore unha mención expresa a potestade da Consellaría para chegar a **acordos coas Universidades Públicas Galegas para a formación inicial docente** para, por exemplo, poder botar a andar unha **formación en rede ou semipresencial** para para impartir **Mestrados de profesorado**, evitando a sangría económica e a exclusión por ter que cursalos en universidades privadas pola raquítica oferta pública de prazas nos Mestrados.

Parecéndonos correcto que a Consellaría participe na formación de todos os membros da comunidade educativa queremos que se nos aclare cal é a intención da Consellaría (**artigo 2.3**). **A Consellaría aclara que incorpora esta mención para poder formar, se así o decide, a persoal non docente e mesmo a integrantes de ANPAs.**

Vemos como algo positivo que se asuma a petición da CIG-Ensino da necesidade da existencia dun CFR en Compostela, eliminado no 2011. Custoulle traballo a Consellaría rectificar.

Neste decreto non aparece reflectida, como si aparecía no anterior, a **dotación de persoal administrativo para os centros de formación.**

Afirman que se incorporará na orde que o desenvolva.

En canto a planificación da formación (**artigo 7**) criticamos que desaparezan obxectivos como a adquisición de competencias como a igualdade entre homes e mulleres e dignidade das mulleres. **Estudarán a súa incorporación.**

Solicitamos que no **artigo 16** se inclúa a creación dun órgano de coordinación pedagóxica formado por persoal asesor das distintas áreas do Servizo de Formación da Consellaría, EOE, entre outros(igualdade, benestar, normalización lingüística...)

No artigo 23 defínese que se poderá crear unha **comisión autonómica de formación.** De crearse esiximos que os sindicatos con representación na mesa sectorial formemos parte dela e figure no decreto. **Néganse a incluílo no decreto e din que se fará na orde e que os sindicatos estaremos nesa comisión.**

Na **disposición transitoria primeira apartado 2** propomos eliminar a esixencia de ter 6 anos de funcionaria docente **de carreira**, así como na **disposición transitoria terceira no apartado 3.b** o mínimo de cinco anos de persoal funcionario de carreira. Entendemos que o persoal teña que ser funcionariado de carreira, pero non a súa antigüidade. **Afirman que revisarán esta proposta.**

Reiteramos a nosa oposición frontal, na liña do que defendemos para outros postos como as dirección dos CIFP, que se poida acceder á dirección do CAFI mediante **libre designación.** **Defendemos que se acceda mediante concurso de méritos, como ao resto dos postos do CAFI.**

A avaliación do persoal asesor que aparece na **disposición transitoria terceira apartado 7** ten que especificar que se regulará mediante normativa, non pode quedar en mans da dirección xeral o ámbito, periodicidade e metodoloxía.

Avaliación dos plan de formación

A día de hoxe sabemos que hai auditorías dos cursos de formación. Descoñecemos se para a totalidade deles, onde se reflicte esta avaliación ou que repercusión ten.

Cando se fala no artigo 24 de avaliación externa estase a falar do que xa existe de facto ou hai unha proposta concreta diferente da Consellaría? **Non contestan a esta pregunta.**

Lista de agarda

Reclamamos que se regule no decreto que a cobertura accidental ou temporal das prazas de persoal de CAFI e CFR partan dunha lista de agarda creada entre o persoal que participou nos procesos de selección para os mesmos. **Néganse a crear esta lista de agarda polo que seguirán facendo o que lles pareza para cubrir as prazas desertas.**

Responsábeis de formación

As persoas responsábeis da formación nos centros educativos deben ter redución de horario lectivo para homologalos na súa responsabilidade con calquera outro cargo de coordinación docente, tamén a nivel retributivo. **Non o van incluír no decreto.**